Estivemos presentes varios membros de Rexeneracion, e isto é o que escoitamos.

CONFERENCIA en Pontecaldelas
de FERNANDO COBO (Director do Centro de Hidrbioloxía USC)
"Fundamentos biolóxicos das alteracións dos transvasamentos nas bacías hidrográficas"

Presentación do dossier multidisciplinar "Por unha mellor xestión da auga"
PLADEVER primeiro presentou un completisimo dossier, insistindo en que a auga non é un ben comercial e que debemos protexer o rio cun uso sostíbel. Isto incluye un analise da Normativa do Plan de Seca, limitacions dos usos tanto na industria como nos concellos, modificación do sistema actual de tarefas e restriccions e os axustes dos caudales de saída dos encoros.

FERNANDO COBO:
Nos rios Verdugo e Oitaven hai 2800 especies de animais citados. Moitos son insectos invertebrados, se non fora por eles non teníamos nin peixes nin rio por tantos contaminantes que lle botamos. Ademais hai moitos que son únicos nun contexto mundial porque son especies endémicas. Isto quere decir que son raras e singulares con estructuras de ADN únicas. Se temos un problema, como unha amenaza de enfermedade por exemplo, sempre temos a estas estructuras como referencia e nunca sabemos dende onde pode sair a solución. É unha reserva patrimonial de altísimo valor, que mermou xa moito por as presións medioamientais.
Os rios Verdugo e Oitaven son os maís irregulares e "inmoderados" de Galicia. Un 75% da chuvia que cae vai ó rio. A causa é o sustrato de granito, fisurado e moi impermeabel, maís as fortes pendentes. O resultado son enchentes grandes e tamen secas onde baixa o caudal moitisimo, e agora acentuado polo cambio climatico. Este mínimo caudal non se pode tocar porque xa é moi pouco.
Temos que ver que o rio incluye as beiras e a chaira da inundación. Os ameneiros son moi tipicos das beiras, eles levan bacterias nas raíces que lles axudan medrar, producindo todo un ecosistema. As enchentes ocupan a chaira de inundacion e moitas veces se construyen bares, talleres etc. nesta zoa e fálase de inundación, cando realmente é un proceso natural do rio.
O rio non só leva auga liquida, tamén leva un caudal solido que é igual de importante. Cando tocamos o ciclo vital dun rio cun encoro, se ve que no primeiro tramo da saída solo hai pedras porque o rio intenta de crear fervenzas pra recuperar a enerxia perdida. Cada un dos insectos que habita no rio esta adaptado ó seu habitat no lecho do rio, e non se pode quitar auga porque están adaptados a ese tipo de lecho en especifico, por exemplo a sua fisionomia pode estar adaptado pra agarrarse as rochas pero non pra vivir no fango. Enton si quitamos a auga se perden especies.
Os "caudales ecoloxicos" os van marcando cun mínimo moi mínimo,sempre ó detrimento do rio. Fanse moitos construccions como encoros, saltos e cascadas, que trae un efecto acumulado de obstaculos que fan moito dano ó rio. Por exemplo ainda que se fan escaleiras pras troitas non dan subido.
Debaixo do rio vai outro! Cando hai seca e o rio vai baixo non lle alimentan solo as

fontes se non tamén lle alimenta auga da napa freática. Esta auga vai cargada de contaminantes. Estamos augmentando a contaminación, moitas veces por un exceso de explotación, das fontes, as beiras, o espazo parafluvial onde habitan moitos organismos sobre todo anfibios. Os espazos parafluviais son importantes para o material de deriva; os peixes se alimentan en un 80% de deriva. Cando hai un desastre ecoloxico como o que houbo fai uns 10 anos en Pontecaldelas cando se vertiron ó rio quimicos dende a depuradora e morreron moitisimas especies, recuperou a fauna gracias a esta deriva, porque os animais veñen de mais arriba no rio arrastradas.

A auga ten moita inercia térmica, e si o rio leva pouca auga a auga quenta moi rápidamente, e xa que hai menos turbulencias hai menos osixeno, morren especies e o nivel de contaminantes é mais alto. Moitas veces saen noticias de que se atoparon troitas mortas e non se atopa a fonte da contaminacion. Iso é porque non existe, o feito é que o rio esta mal, cun pH acido e un nivel alto de amoniaco. Si chega o rio a unha concentracion inadecuado de amoniaco, morren primeiro os salmons e despois as troitas, e as prantas medran demasiado que tamén sube a acidez. Hai unha perda da calidade da auga porque leva tamén moito ferro. Isto ocurre porque hai bacterias que, en lugar de usar a luz solar, oxidan ferro e producen hidroxido de ferro. Se ve nas pedras o cor de oxido, e cando se ve manchas na auga como se foran manchas de aceite son estas bacterias mortas. No fondo dos encoros esta todo o que se vai depositando, os microorganismos mortos se volven polvo gracias as bacterias, e este proceso acidifica a auga. O ferro non é toxico pero sabe mal. Para cambiar isto hai que invertir moito diñeiro en potabilizar. Casi sempre os estudios oficiais din que a auga está ben, e a politica é de dar toda a auga que se demanda, que é totalmente insostibel.

CONTESTACIÓNS A PREGUNTAS:

Que se pode facer pra protexer or rio, por exemplo plantacions cerca dos nacentes?

A capacidade de retencion da auga depende da vexetación. O incendio é malisimo en moitos aspectos, porque non fai falla que os rios vayan negros, tarde ou temprano chega o fosforo ó rio. Un bosque en boas condicions, que quere decir autóctono, devolve un 60% do que chove á atmosfera, e tamén toda a auga que manten o solo chega ó rio. Necesitamos bosques pra protexer o rio. As brañeiras funcionan como encoros naturais e alimentan o rio.

En que consiste o chamado “caudal ecoloxico”, é realmente ecoloxico?

Falar dun só caudal ecoloxico non ten sentido, xa que sube e baixa o caudal moito nun ano. Habia que ter varios caudales ecoloxicos, minimamente un pra veran e outro pra inverno. Ten que haber preferencias de usos que hay que regular moi ben. Os usos son 1. Poboación 2. agricultura 3. industria. Tendria que haber un limite de consumo segun uso. Nunha emerxencia por seca a poboacion deberia ter preferencia. Ningun encoro ten un estudio das capas que hay, cada capa de auga ten unha calidade de auga distinta. No fondo a calidade e moi mala porque leva arsénico e metales pesados. As veces vacian un encoro pra mandalo a outro e mandan auga contaminada.

É moi perxudicial o cultivo do eucalipto prao rio?

Si! Aparte de que consumen moitisima auga da napa freática, as follas levan

alcaloides que as bacterias que hai eiqui non poden descomponer. Tamén da problemas na zoa terrestre, falta de habitat etc.